



**RESOLUCIÓN** do 11 de decembro de 2015, da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, pola que se aproba o Plan de xestión integral da reserva mariña de interese pesqueiro Ría de Cedeira para o ano 2016.

### **Antecedentes**

O día 21.10.2015 ten entrada no rexistro xeral da Xunta de Galicia a solicitude, en formato papel, do Plan de xestión integral para a reserva mariña de interese pesqueiro "Ría de Cedeira" para o ano 2016.

O día 26.10.2015 reuniese, en sesión ordinaria, o órgano de xestión, seguimento e control da reserva mariña coa orde do día de informar o plan de xestión.

### **Consideracións legais e técnicas**

O Decreto 28/2009, do 29 de xaneiro, polo que se crea a reserva mariña de interese pesqueiro "Ría de Cedeira", establece no seu artigo 4 as actividades permitidas e limitacións de uso da reserva. Entre as actividades permitidas: a pesca marítima profesional coas artes e aparellos tradicionalmente utilizados na zona (letra a)); a recollida de ourizo, percebe, navalla e longueirón ou calquera outro recurso específico que se recolla no marco do Plan de Xestión Integral (letra b)); o marisqueo a pé e a recollida de algas (letra c)) e a recollida de mexilla (letra d)). Asemade, o artigo 6 define as actividades permitidas e limitacións de uso nas zonas de ZEP-I-Vilarrube e ZEP-II-Boca da ría, entre elas: a pesca con artes de enmallé dentro da ZEP-I-Vilarrube nas modalidades tradicionalmente empregadas (letra a)) e a extracción de percebe dentro da ZEP II-Boca da ría (letra b)).

O artigo 7, no seu apartado 1, determina que as actividades recollidas nas letras a), b), c) e d) do artigo 4 así como as a) e b) do artigo 6 desenvolveranse no marco dun Plan de Xestión Integral aprobado para esa área no que se recollerán as medidas específicas para cada unha das pesqueiras e zonas dentro da reserva.

No seu apartados 2 establece que o Plan de xestión integral será aprobado pola dirección xeral competente en materia de recursos mariños, logo do informe do Oxesco.

O artigo 8 do Decreto 168/2015, do 13 de novembro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar atribúelle á Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica a dirección e a coordinación das competencias e funcións en materia de ordenación pesqueira en augas interiores así como de conservación, protección e xestión sustentable dos recursos mariños.

O día 23.10.2015, os técnicos investigadores do Centro de Investigacións Mariñas (Cima) emitiron informe respecto ao Plan de Xestión Integral presentado.

O día 16.11.2015, o órgano de xestión, seguimento e control emite informe favorable ao documento resultante como Plan de xestión integral da reserva mariña de interese pesqueiro "Ría de Cedeira" para o ano 2016 tralas deliberacións e consideracións feitas na reunión do órgano do día 26.10.2015.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR  
Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e  
Innovación Tecnolóxica

galicia

De acordo con todo o anterior, resolvó

**Aprobar** o Plan de xestión integral para a reserva mariña de interese pesqueiro "Ría de Cedeira", que figura como anexo a esta resolución, para o ano 2016.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse un recurso de alzada no prazo máximo de un mes, contado dende o día seguinte ao da súa notificación, ante a conselleira do Mar de conformidade co disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica.



Juan Carlos Maneiro Cadillo